

PROXECTO SOCIOLINGÜÍSTICO



CEIP DA BARQUEIRA, CERCIDO
CURSO 2022/2023

PROXECTO SOCIOLINGÜÍSTICO

1. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

A linguaxe é fundamental no desenvolvemento do alumnado, sendo unha ferramenta fundamental de comunicación, socialización e aprendizaxe. A través deste proxecto sociolingüístico, preténdese mellorar a competencia lingüística do alumnado, en relación á Lingua Galega.

O marco legislativo para o desenvolvemento deste proxecto é:

- *Constitución española. 1978*

Artigo 3: “As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades autónomas...”.

Artigo 20: “...respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España”.

- *Estatuto de Autonomía. 1981*

Artigo 5: “A lingua propia de Galicia é o galego”, etc.

- *A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. Este decreto di textualmente nos seus primeiros parágrafos o seguinte:

“As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.”

Para a redacción deste proxecto seguiuuse o artigo 14.2 do Decreto 79/2012 de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sendo redactado pola persoa coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Directora do centro. Así como que este será avaliado polo consello escolar do centro educativo.

2. IDENTIFICACIÓN DA NOSA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA.

O CEIP A Barqueira está situado na parroquia de A Barqueira, concello de Cerdido. Máis concretamente, estamos situados nun municipio da comarca do Ortegal, na provincia de A Coruña, xunto cos municipios de Cariño, Mañón e Ortigueira. Limita ao norte con Cedeira, ao este con Ortigueira, ao sur con Somozas e Moeche e ao oeste con Valdoviño.

O noso centro conta actualmente cun total de corenta e oito alumnos e alumnas, trece en infantil e trinta e cinco na ensinanza primaria. Fai un total de tres aulas mixtas (unha de EI e dúas de EP) e dúas aulas puras (de EP).

A situación sociolingüística deste centro foi analizada o curso escolar 2017/2018 á fin de renovar o Proxecto lingüístico de centro e adaptalo ás melloras educativas e a situación actual do noso centro.

Así, para a obtención dos datos relativos ao contexto sociolingüístico utilizouse información obtida na rede, mapas sociolingüísticos da zona e tamén unha enquisa específica. Deste estudo obtívose unha situación con “predominio da lingua galega”.

Por outra parte, as enquisas realizadas ao profesorado amosaron unha situación con predominio da lingua castelán na súa vida diaria, aínda que cos diferentes membros da comunidade educativa realízase un uso maioritario da lingua galega.

Igualmente, para analizar a situación do alumnado elaboráronse dúas enquisas específicas e diferentes. A primeira, para o alumnado de Educación Infantil e o alumnado de primeiro a cuarto nivel de Educación Primaria, foi enviada ás familias, a través da aplicación Abalar, para que a contestasen os pais, as nais e titores legais. O alumnado do quinto e sexto de Primaria responderon á enquisa no centro. Dos estudos realizados e da observación diaria podemos afirmar que estamos ante un alumnado maioritariamente **galego-falante**, aínda que non moi comprometido coa lingua galega, xa que podemos observar como aínda sendo a lingua predominante, segue a ser unha lingua desprestixiada socialmente, apreciándose que os nenos e nenas cambia ó castelán cando queren utilizar unha linguaxe culta ou cando se comunican con persoas de fóra do seu contorno. Tamén observamos que son sempre os galego falantes os que cambian de lingua para comunicarse cos castelán falantes e non ao contrario, pese a que son moitos máis os que utilizan a nosa lingua.

Finalmente destacar que, tanto o contexto sociolingüístico como a ambientalidade lingüística do centro reflicten que o contorno é predominantemente galego falante.

3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos deste proxecto lingüístico son:

- Mellorar a competencia comunicativa tanto nos aspectos lingüísticos (expresión escrita/oral, comprensión oral/lectora) como nos sociolingüísticos e pragmáticos, facendo que esta mellora chegue ás áreas lingüísticas e ás non lingüísticas.
- Fomentar o equilibrio na competencia lingüística nas dúas linguas oficiais da comunidade, asegurando a normalización do galego e potenciando a competencia en lingua estranxeira (inglés).
- Crear hábitos lectores e gusto pola lectura.
- Acadar unha maior relación coas familias, coa comunidade e co contorno para mellorar a competencia en comunicación lingüística.

Obxectivos na etapa de Educación Infantil:

- Desenvolver habilidades na comunicación en distintas linguaxes.
- Achegarse á lectura e escritura.
- Utilizar a lingua oral do modo nunha comunicación positiva cos iguais e cos adultos, segundo as intencións comunicativas.
- Comprender mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula.
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información,..
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.

Obxectivos na etapa de Educación Primaria:

- Usar o Plan Lector como base para desenvolver a competencia comunicativa.
- Continuar o uso da Biblioteca do colexio
- Estabelecer uns mínimos lingüísticos para acadar ao final de cada ciclo.

- Valorar as súas propias creacións orais e escritas.
- Fomentar a interacción do colexio coa familia e co entorno.
- Mellorar a atención á diversidade, con respecto á competencia lingüística.

Obxectivos para o fomento da lingua estranxeira:

- Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbales variadas.
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais.
- Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados no aula.
- Ler de forma comprensiva textos diversos.
- Utilizar as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse en lingua inglesa.
- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre persoas.

4. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN NO FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

Como ven sendo a liña no centro, cada ano realízase un libro interactivo con rigorosidade e calidade lingüística que fomente o uso da lingua galega; así, no curso 2017/2018 realizáronse “Coñeces Cerdido?” e o “Libro das plantas”, no ano 2018/2019 realizouse o “Libro da auga”, o ano 2019/2020 o “Libro dos seres vivos”, no ano 2020/2021 realizouse o “Libro dos cans” e “libro dos animais” e o ano 2021/2022 “un cento de palabras...propias de Cerdido”. Porén, este ano 2022/2023 preténdese realizar o “Libro do Camiño do Mar”.

Así, establecemos os seguintes obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos expostos anteriormente:

- Indagar, descubrir e coñecer distintos a flora da zona (nas distintas etapas do Camiño do Mar).
- Indagar, descubrir e coñecer a fauna da zona (nas distintas etapas do Camiño do Mar).
- Indagar, descubrir e coñecer as lendas e contos da zona (nas distintas etapas do Camiño do Mar).
- Indagar, descubrir e coñecer patrimonio xeolóxico propios da zona (nas distintas etapas do Camiño do Mar)..
- Indagar, descubrir e coñecer a historia antiga da zona.

- Indagar, descubrir e coñecer o patrimonio cultural da zona (arquitectura eclesiástica, cantigas, xogos, bailes, etc).
- Recoñecer a importancia da conservación do patrimonio forestal.
- Crear os seus propios invernadoiros.
- Descubrir e coñecer diferentes sistemas de rego.
- Programar un robot para utilizalo nos sistemas de rego e recollida de datos.
- Descubrir a importancia da reforestación con especies autóctonas.
- Realizar un libro informativo interactivo coa información atopada (sobre os puntos anteriores).
- Realizar podcast de calidade coa información atopada.
- Imprimir codigos QR na impresora 3d para colocalos porlas etapas e zonas de interese do Camiño do Mar coa información atopada.
- Realizar vídeo-documentais de calidade coa información atopada (sobre os puntos anteriores).
- Concienciarse da importancia da inclusión de persoas con discapacidade.
- Iniciarse no coñecemento sobre a lingua de signos.
- Realizar vídeo-documentais en lingua de signos.
- Iniciarse na realización de proxección holográficas e de edición de vídeo.
- Doar as creacións literarias e documentais xeradas.
- Implicar ás familias e á comunidade nos proxectos de investigación do centro.
- Potenciar o uso da aprendizaxe baseada en proxectos.
- Implicar ao concello de Cerdido e a outros concellos na realización do proxecto.
- Colaborar e coordinarse con asociacións e entidades que fomentan a inclusión de persoas con discapacidade.
- Potenciar o uso da lingua galega entre os máis novos.
- Coordinar a todo o centro escolar para a realización de proxectos comúns.
- Utilizar e potenciar o uso de ferramentas TIC en lingua galega.
- Dotar de rigorosidade científica e lingüística á historia da bisbarra e das bisbarras limítrofes.

4.1. Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo.

- Crear un libro interactivo sobre diferentes aspectos cultura da bisbarra.
- Realizar vídeo-documentais en lingua galega e de signos sobre a cultura da bisbarra.

- Implicar e motivar ao profesorado do centro na realización deste proxecto de investigación.
- Colaborar e implicar ao concello de Cerdido e a outros concellos implicados.
- Implicar a toda a comunidade educativa no proxecto (familias, persoal non docente, etc).
- Usar a lingua galega e a lingua de signos con rigorosidade e corrección lingüística.
- Potenciar o uso da lingua galega a través da rede como medio de difusión.
- Coordinar a todos os equipos do centro na realización deste proxecto.
- Usar as ferramentas TIC e utilízalas para a promoción e difusión da lingua galega.
- Potenciar o desenvolvemento das competencias clave.
- Realizar un proxecto común no que se implique ao 100% do alumnado de EP.

4.2. *Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo.*

- Utilizar unha metodoloxía baseada en proxectos por parte de todo o profesorado do centro para a aprendizaxe das linguas.
- Continuar realizando libros científicos interactivos en lingua galega con rigorosidade e calidade.
- Mellorar a competencia lingüística e dixital do alumnado, do profesorado e das familias.
- Realizar actividades de aprendizaxe-servizo que potencien a solidariedade do alumnado.

5. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA.

Tal e como se expoñía no apartado anterior, o CEIP da Barqueira atópase nunha situación privilexiada no uso do galego dado que é a lingua materna maioritaria do alumnado do centro. Ante este feito, as intervencións educativas a curto prazo non están orientadas ó fomento da fala senón á mellora das actitudes fronte ó uso do galego e da súa normalización social, así como dun maior coñecemento da cultura galega e, máis concretamente, da súa propia bisbarra.

Neste sentido, debemos destacar que este proxecto está intimamente vinculado coa biblioteca do centro, de forma que o eixo vertebrador do mesmo será a súa mascota o Trasno Trouleiro.

Así, a través da gamificación, o noso Trasno aparecerá no centro, a través de vídeos, cartas ou proxeccións holográficas para iniciar as distintas tarefas de investigación. Deste modo, pretendemos que a medida que avanza o curso, o noso alumnado vaia investigado e resolvendo os retos que lles propón o Trasno Trouleiro sobre os diferentes aspectos máis representativos do Camiño do Mar. Utilizaremos unha

aprendizaxe por proxectos (en adiante ABP), aprendizaxe por retos (a través dos retos do Trasnó), uso do **cooperativismo** e traballo en grupos colaborativos, **aprendizaxes significativos** e desenvolvemento de procesos psicolóxicos de orde superior (análise, síntese, lóxica...) e **aprendizaxe servizo**. Nesta liña, cómpre destacar que o aprendizaxe por proxectos é unha estratexia **metodolóxica globalizada** que parte dos intereses do alumnado e as necesidades educativas. Esta estratexia de organización, proposta por Kilpatrick (1918) baséase no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento das relacións entre os diferentes tipos de contidos e no enfoque globalizado. Así, vai favorecer a construción do coñecemento asegurando que as aprendizaxes sexan significativas. As características deste modelo de aprendizaxe son:

- O profesorado non é o protagonista do proceso.
- A avaliación é participativa, o alumnado tamén se autoavalía e avalía o proceso.
- Calquera situación, problema ou necesidade pode xerar un proxecto, xa que se trata de comprender, valorar, debater sobre a realidade e intervir sobre ela para melloralala seguindo un enfoque global.
- A planificación e a acción discorren conxuntamente nun principio.
- Profesorado e alumnado planifican en conxunto.

Seguirase o seguinte esquema didáctico para desenvolvelo:

Que nos interesa...?
Que sabemos xa sobre...?
Que queremos saber/facer sobre...?
Que información precisamos? Onde buscamos a información?
Como nos organizamos?
Producto final (producto social relevante)
Avaliamos o proceso/resultado.

Cómpre destacar que a aprendizaxe baseada en proxectos e a metodoloxía idónea para a **atención á diversidade da aula**, tal e como queda reflectido no Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade e a orde que o desenvolve, 8 de setembro de 2021, que destaca a utilización de tarefas de aprendizaxe integrado.

As vantaxes que presenta este tipo de aprendizaxe son múltiples, entre as que atopamos:

- Aumento da motivación do alumnado.
- Pártese dos coñecementos previos e, polo tanto, segue as teorías de aprendizaxe de Vigotsky baseadas na ZDP (zona de desenvolvemento próximo).
- Póñense en funcionamento outros mecanismos cognitivos máis alá da memorización: análise, síntese, reformulación, procura de información en diferentes fontes e contraste da mesma, resumo, categorización, comparación....
- Apóiase na aprendizaxe cooperativa e colaborativa e polo tanto mellora a atención á diversidade (D. 229/11 de Atención á Diversidade e O. 8 de setembro de 2021).
- Mellora a aprendizaxe por competencias, o aprender a aprender e a alfabetización mediática e informacional (AMI). A UNESCO neste sentido explica que “*o empoderamento das persoas a través da alfabetización mediática e informacional é un dos requisitos máis importantes para fomentar o acceso equitativo á información e ao coñecemento e para promover medios de comunicación e sistemas de información libres, independentes e pluralistas*”, e nós engadiríamos que debería ser garantida en varias linguas, incluídas as minoritarias e minorizadas, entre as que se atopa a nosa (lingua maioritaria pero minorizada).
- O coñecemento vese como un todo e non fragmentado en áreas.
- Aumenta a autonomía e a independencia.

A proposta de aprendizaxe que se presenta baséase nos estudos de Miriam Nemirovsky de **aprendizaxe da lingua escrita**, parafraseando a esta autora a aprendizaxe da lingua escrita “*é a produción de auténticos textos de uso social na aula o que marca a diferenza entre formar autores de textos de calidade ou a promover a realización de meros exercicios. É necesario facer do sistema convencional de escritura un obxecto de coñecemento sobre o que exercer a reflexión e a análise, non meras exercitacións repetitivas mediante sílabas, palabras ou frases sen sentido algún e carentes da máis mínima significación*”. *Escribimos en el aula, según en que aula. Aula infantil, 18. Marzo-Abril 2004. Myriam Nemyrovsky.* Asemade, autores como Cassany illaron os procesos cognitivos de carácter executivo que interveñen no acto de escribir.

Por outra banda todas estas **metodoloxías activas requiren de moito debate, consenso e participación oral** que se fará usando a nosa lingua.

Ademais o noso é un proxecto que quere implicar ás familias como primeiro axente de socialización e polo tanto de comunicación lingüística. Os titores de cada curso terán en conta este feito á hora de desenvolver os seus traballos dentro da aula.

Igualmente, achegámonos aos proxectos de “**Aprendizaxe Servizo**” tamén doando os nosos libros a outros lugares levando a nosa lingua a contextos diferentes.

Queremos tamén fomentar a **creatividade e o pensamento lateral**, buscando solucións novas a problemas cotiás que van aparecendo e facendo aos nenos e nenas partícipes deles.

Por outra banda, utilizaranse estratexias de gamificación na aula, é dicir, utilizar estratexias de xogo para que os contidos sexan máis significativos e para fomentar o interese polo desenvolvemento dos mesmos. A aprendizaxe a través da gamificación facilita a interiorización de coñecementos de forma máis divertida e cunha experiencia máis positiva. Trátase dunha técnica de aprendizaxe que traslada a mecánica dos xogos ao ámbito educativo-profesional coa fin de conseguir mellores resultados. As dinámicas do xogo implican ao alumnado e potencian o seu interese para resolver os retos propostos. Así establecerase unha dinámica da recompensa para despertar o interese dos nenos e nenas.

Aprendizaxe por retos, a través de desta metodoloxía plantéaselle ao alumnado unha serie de retos que o alumnado debe acadar (a través do Trasnó Trouleiro). Ditos retos lévanlles a un tema concreto [xeoparque, patrimonio das iglesias... así, cada aula indagará sobre ese tema e o traballará na aula (establecendo a relación curricular correspondente)

Asemade, pretendemos potenciar que o alumnado respecte a diversidade, se conciencie da mesma e se inicie na lingua se signos, favorecendo a integración e a inclusión das persoas con deficiencias auditivas e visuais.

Por último, os nosos libros seguirán a **filosofía das licenzas Creative Commons**, polo que traballamos co alumnado a importancia da propiedade intelectual e de citar as fontes de información. Serán editados en CC BY SA, compartir igual.

6. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

<u>TÍTULO DOS PROXECTOS (ou tarefas)</u>	<u>OBXECTIVOS</u>	<u>METODOLOXÍA</u>	<u>TEMPORIZACIÓN</u>	<u>AULA/S DENDE AS QUE SE DESENVOLVE</u>
Indagación e descubrimento do concepto de Camiño do Mar e das súas etapas.	-Indagar, descubrir e coñecer o Camiño do Mar e a súa importancia histórica.	ABP	1º Trimestre	EP
Realización e envío de cartas e correos electrónicos solicitando información a traballar.	-Indagar sobre o textos epistolares. -Investigar os concellos e as Igrexias asociadas ao Camiño do Mar. -Redactar e enviar correos ordinarios e electrónicos aos concellos e igrexias.	ABP Análise do formato de texto de Myriam Nemerovsky: o texto epistolar.	1º Trimestre	EP
Elaboración dun capítulo do libro interactivo que afonde na flora da bisbarra e da bisbarra limítrofe .	-Indagar, descubrir e coñecer o patrimonio forestal propio de Ortegaleira e Ferrolterra, así como valorar e velar pola súa conservación. - Iniciar na gravación de vídeos, podcast e de códigos QR e realidade aumentada. - Iniciar na lingua de signos, para poder gravar o aprendido en dita lingua.	ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto informativo.	1º Trimestre	EP

<p>Elaboración dun capítulo do libro interactivo que afonde na fauna da bisbarra e da bisbarra limítrofe .</p>	<p>-Indagar, descubrir e coñecer o patrimonio animal propio da zona de Ortegaleira e Ferrolterra, así como valorar e velar pola súa conservación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Iniciar na gravación de vídeos, podcast e de códigos QR e realidade aumentada. - Iniciar na lingua de signos, para poder gravar o aprendido en dita lingua. 	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto informativo.</p>	<p>1º Trimestre</p>	<p>EP</p>
<p>Elaboración dun capítulo do libro que afonde no patrimonio cultural eclesiástico da zona de Ortegaleira e Ferrolterra.</p>	<p>-Indagar, descubrir e coñecer o patrimonio cultural eclesiástico da zona de Ortegaleira e Ferrolterra, así como velar pola súa conservación.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Iniciar na gravación de vídeos, podcast e códigos QR e realidade aumentada. -Iniciar na lingua de signos para gravar o aprendido en dita lingua. 	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto informativo.</p>	<p>1º, 2º e 3º Trimestre</p>	<p>EP</p>
<p>Elaboración dun capítulo do libro interactivo que afonde o patrimonio xeolóxico da bisbarra e da bisbarra limítrofe .</p>	<p>-Indagar, descubrir e coñecer o patrimonio xeolóxico propio da zona de Ortegaleira e Ferrolterra, así como valorar e velar pola súa conservación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Iniciar na gravación de vídeos, podcast e de códigos QR e realidade aumentada. - Iniciar na lingua de signos, para poder gravar o aprendido en dita lingua. 	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto informativo.</p>	<p>2º Trimestre</p>	<p>EP</p>

<p>Elaboración dun capítulo do libro interactivo que afonde o patrimonio arqueolóxico da bisbarra e da bisbarra limítrofe (en relación aos castros e á cultura castrexa) .</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Indagar, descubrir e coñecer o patrimonio arqueolóxico propio da zona de Ortegaleira e Ferrolterra, así como valorar e velar pola súa conservación. - Iniciarase na gravación de vídeos, podcast e de códigos QR e realidade aumentada. - Iniciarase na lingua de signos, para poder gravar o aprendido en dita lingua. 	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto informativo.</p>	<p>2º Trimestre</p>	<p>EP</p>
<p>Elaboración dun capítulo do libro interactivo sobre historia de Ortegaleira e Ferrolterra, en relación coas súas festas e feiras propias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Iniciarase na gravación de vídeos, podcast e de códigos QR e realidade aumentada. 	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto informativo.</p>	<p>2º Trimestre</p>	<p>EP</p>
<p>Recollida e redacción dun capítulo do libro baseado en lendas e contos propio da bisbarra e da bisbarra limítrofe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Indagar e descubrir lendas e contos populares propios, redactalos e ilustralos con calidade, iniciarse na gravación dos mesmos e de códigos QR e realidade aumentada. - Iniciarase na lingua de signos, para poder gravar o aprendido en dita lingua. 	<p>ABP Códigos QR Realidade aumentada Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto narrativo.</p>	<p>1ª, 2ª, 3ª Trimestre</p>	<p>EP</p>
<p>Recollida de información acerca de danzas, música e xogos tradicionais que se levan a cabo na zona do Camiño do Mar, redacción dun capítulo do libro interactivo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Indagar e descubrir acerca das danzas, xogos e da música propia da zona, elaborar un libro interactivo e gravación de vídeos con exemplificacións desas danzas e músicas. 	<p>ABP Códigos QR Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky. Tipoloxía textual: o texto informativo e o texto instrutivo. Traballo colaborativo.</p>	<p>1º, 2º, e 3º Trimestre.</p>	<p>Área de Ed. Musical (todos os cursos). Área de EF (todos os cursos).</p>

Elaboración dun invernadoiro	<ul style="list-style-type: none"> -Indagar sobre diferentes formas de crear invernadoiros. -Practicar diferentes tipos de invernadoiro a escala. -Traballar a escala e a proporcionalidade -Elaborar o noso propio invernadoiro. 	<p>ABP</p> <p>Proporcionalidade e escalas.</p> <p>Aprendizaxe cooperativa.</p> <p>Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky.</p> <p>Tipoloxía textual: o texto informativo.</p>	3º Trimestre	EP
Elaboración dun sistema de rego por goteo.	<ul style="list-style-type: none"> -Indagar sobre diferentes sistemas de rego. -Tipos de sistemas de rego sostibles. -Experimentos con diferentes tipos de sistema de rego. 	<p>ABP</p> <p>Aprendizaxe por retos.</p> <p>Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky.</p> <p>Tipoloxía textual: o texto instrutivo.</p>	3º Trimestre	EP
Programación dos robots para o control da temperatura e luminosidade nos invernadoiros.	<ul style="list-style-type: none"> -Descubrimiento e indagación da programación de robots. -Iniciación á programación de robots. -Diferentes alternativas para programar. -Programación para poder recompilar datos. 	<p>ABP</p> <p>Aprendizaxe por retos.</p> <p>Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky.</p> <p>Tipoloxía textual: texto instrutivo.</p> <p>Robótica e programación en scratch.</p>	1ª, 2ª, 3ª Trimestre	EP
Concienciación da comunidade da importancia forestal autóctona, así como da prevención de incendios.	<ul style="list-style-type: none"> -Realización dun tríptico explicativo dos bosques autóctonos e a súa importancia. -Realización dun tríptico explicativo para a prevención de incendios. -Realización de vídeo documentais enlazados nos trípticos a través da realidade aumentada. 	<p>ABP</p> <p>Códigos QR</p> <p>Realidade aumentada.</p> <p>Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky.</p> <p>Tipoloxía textual: o texto informativo.</p>	3ª Trimestre	Biblioteca Escolar
Plantar as sementes conseguidas no invernadoiro hasta que poidan ser transplantadas.	<ul style="list-style-type: none"> -Indagar das necesidades das especies forestais obtidas. -Metelas no invernadoiro e levar a cabo os cuidados axeitados. 	<p>ABP</p> <p>Análise do formato de texto de Myriam Nemirovsky.</p> <p>Tipoloxía textual: o texto informativo e o texto instrutivo.</p> <p>Traballo colaborativo.</p>	3º Trimestre	EP

Realización de excursións relacionadas coas informacións traballadas.	-Reafirmar o aprendido mediante a observación e a experimentación. -Ampliación das informacións obtidas.	ABP	1º,2º e 3º Trimestre	EI EP
Realización de distintas etapas do Camiño do mar.	-Reafirmar o aprendido mediante a observación e a experimentación.	ABP	1º,2º e 3º Trimestre	EP
-Colocación de información sobre o camiño do Mar en etapas do camiño e nas iglesias e centros de interese do mesmo.	-Gravación de podcast coa información atopada. -Realización de QR cos enlaces aos podcast gravados. -Impresión en 3d dos códigos QR. -Colocación dos códigos QR nos centros de interese do Camiño do Mar.	ABP	1º,2º,3º Trimestre	EP
Redacción, maquetación e impresión do Libro do Camiño do Mar.	-Leer, revisar e reelaborar os textos creados con anterioridade, como parte do proceso creativo.	Fases do proceso creativo de Cassany.	3º Trimestre	5º e 6º
Maquetación dos vídeos orais e con linguaxe de signos e inclusión dos mesmos no libro a través da realidade aumentada.	-Leer, revisar e reelaborar os guións realizados con anterioridade. -Memorizar e gravar os vídeos para realizar a parte interactiva do libro a través da realidade aumentada.	Fases do proceso creativo de Cassany.	1º, 2º e 3º Trimestre	5º e 6º

Presentación dos libros en sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> - Implicar ás familias. - Programar e realizar actos de doazón de libros a outras institucións. - Elaborar notas de prensa, carteis e outros textos publicitarios para darlle difusión. - Outros que vaian xurdindo. 	Aprendizaxe cooperativo. Tipoloxía textual: o texto informativo. Técnicas de exposición oral.	3ª Trimestre	5º e 6º
---------------------------------------	---	---	--------------	---------

9. PLAN DE AVALIACIÓN.

O desenvolvemento e a consecución dos obxectivos propostos, así como mellorar os mesmos se son conseguidos positivamente, será fundamental a fin de valorar o impacto do proxecto no coñecemento, por parte do alumnado, da cultura da súa propia zona e na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa. Para isto, utilizaranse mecanismos de observación indirecta, como rúbricas que valoren o grao de consecución dos criterios de avaliación que se expoñen a continuación.

Asemade, ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto utilizaranse mecanismos de observación directa, tales coma o rexistro anecdótico no que anotaremos as conclusións e aspectos relevantes das tarefas propostas, o que nos pode dar lugar a establecer cambios na práctica ou reformulación de estratexias cara outras máis efectivas.

Ó termo das actividades deseñadas durante este curso escolar, outorgaráselle ao alumnado un cuestionario no que serán eles e elas os encargados e encargadas de avaliar as tarefas realizadas no que ao interese e motivación das mesmas se refire.

A partir da información obtida nas citadas rúbricas, nos rexistros anecdóticos e na autoavaliación presentaremos as conclusións pertinentes na memoria do proxecto. Se estes son acadados positivamente, indicará que o impacto na comunidade educativa tamén o foi; no caso contrario, poderemos incidir directamente a través de propostas de mellora ou reformulación dos mesmos valorando así se o impacto na comunidade educativa foi positivo e se fomentou a utilización da lingua galega e o coñecemento por parte do alumnado da cultura da súa comunidade.

Os criterios de avaliación deste proxecto son:

- Indagar e coñecer a flora da zona.
- Indagar, e coñecer a fauna da zona.
- Indagar e coñecer as lendas e contos da zona.
- Indagar e coñecer patrimonio xeolóxico propios da zona.
- Indagar e coñecer a historia antiga da zona.
- Indagar e coñecer o patrimonio cultural da zona.
- Recoñecer a importancia da conservación do patrimonio forestal.
- Crear invernadoiros.
- Coñecer algún sistemas de rego sostible.
- Descubrir a importancia da reforestación con especies autóctonas.
- Participar na realización un libro informativo interactivo coa información atopada.
- Participar na realización dun podcast de calidade coa información atopada.
- Participar na colocación dalgún código QR nun lugar de interese.
- Recoñecer a importancia da inclusión de persoas con discapacidade.
- Realizar algún vídeo-documentais en lingua de signos.
- Doar algunha creación literarias e documental xerado.
- Fomentar unha aprendizaxe constructivista a través de metodoloxías activas, coma a aprendizaxe por proxectos.
- Fomentar unha aprendizaxe constructivista a través da aprendizaxe por retos.
- Fomentar unha aprendizaxe constructivista a través gamificación das actividades.

9. 2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.

A edición dun libro con calidade e rigurosidade científica en lingua galega, outorgaralle un estatus que o alumnado en ocasións non lle otorga, ao ser utilizado nun contexto científico e non quedar relegado ao ámbito familiar). Asemade, ao difundilo por diferentes entidades a súa repercusión será maior.

Por outra banda, os vídeos e podcast realizados para a parte interactiva, ao ser transmitidos a través de códigos QR ao alcance de quenes realicen o Camiño do Mar, provocará unha maior difusión, non só á lingua galega, ao difundila a través de Internet, senón tamén da cultura da bisbarra.

Tal e como quedou reflectido anteriormente, esta proposta de aprendizaxe permite traballar e favorecer a linguaxe escrita, coa motivación engadida de que son os propios nenos e nenas os que realizan a totalidade do traballo, polo que terán que buscar a corrección gramatical e ortográfica adecuada para que o noso traballo quede recollido nun

libro interactivo. Así, terá que haber un traballo de planificación, redacción a partir de borradores e redacción e revisión do texto definitivo.

Por outra parte, este tipo de metodoloxía presentada require moito debate, consenso e participación oral que se fará usando sempre a nosa lingua galega para comparar, contrastar respostas, opinións e significados; debater, tomar decisións, valorar tarefas, defender argumentos...

Igualmente, preténdese que a través de todo este proxecto, os nosos nenos e nenas sexan capaces de valorar máis a súa cultura e historia, entre todo o cal atópase a lingua galega.